

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 485/2014

Á vista que no Concello e na Gardería-Ludoteca existen ascensores, no Concello e no Mercado de Abastos hai portas automáticas e que na Casa da Cultura hai un salvaescaleiras que requiren unha revisión periódica.

En data 02.06.14 realizouse unha providencia de inicio para a contratación do servizo de mantemento dos ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras citados.

A modalidade pola que pretende adjudicar é o de procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación do contrato de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas.

Á vista de que se redactou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, á vista de que o día 24.11.14 foi emitido pola Intervención un certificado de existencia de crédito, á vista do Informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 24 de novembro de 2014 e á vista das miñas competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adjudicación, para o mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas, e que se convoque a súa licitación, cun orzamento de 5.000,00 €, desglosado en valor estimado 4.132,23 €, IVE: 867,77 €.

SEGUNDO. Tramitar este contrato na súa modalidade de tramitación anticipada sen crédito orzamentario ó efecto, para a súa execución a partir de xaneiro de 2015, sempre e cando nesta data se dispoña do necesario crédito no Orzamento aprobado para dito exercicio ou no prorrogado do 2014, quedando condicionada a eficacia deste contrato o cumprimento deste requisito.

TERCEIRO. Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas por procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación.

CUARTO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de vinte (20) días hábiles os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante.

O Alcalde,

Ponte Caldelas, 24 de novembro de 2014

O Secretario,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños



Asdo: Jacobo Barreiro Pimentel